

(Dóuza)

A Cruña
2.9.976

Maruxa e Luis Seoane
Buenos Aires

Amigos benqueridos:

No xornal de hoxe batemos coa triste noticia do pasamento do voso irmán Emilio. Conocímolo personalmente na vosa casa e impresionóunos a súa agudeza mental, a súa simpatía e a súa cordialidade. E agora comprobamos na Prensa e na rúa un sentimento xeneralizado pola perda dun coruñés traballador, pletórico de iniciativas e de realizacións.

Deixando fora consideracións políticas, que, por continxentes, non veñen ao caso nesta hora, fica en pe na conciencia dos seus conveciños a lembranza dun home de ben, amigo dos amigos, e que axudóu no que puido aos que a il acudiron. A súa desaparición foi unha sorpresa para a cidade. Ninguén a esperaba. Pra o luns vindeiro estaba anunciada, coa súa presenza, a inauguración do Polígo Comercial que, debido a súa iniciativa e entusiasmo realizador, foi construído nesta cidade. Obra, por outra banda, sin precedentes en ningunha outra cidade de España.

Recibide, pois logo, unha cordialísima aperta de condolencia dos vosos amigos,

Fernando

Dóuza |